

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 4 CINTA 1



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0001_004_en_0_29_10_id496_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0001_004_en_0_29_10_id496.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o cuarto corte dos que se divide a primeira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre as artes do palangre e o “follaco” usado na pesca do bonito.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que eliximos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

As partes do texto que aparecen entre parénteses “()” correspóndesen cos expresións xestuais da persoa informante ou con aclaracións do transcritor.

O signo de interrogación pechado en parénteses “(?)” quere dicir que a expresión da que vai precedida non se escoita ben e a transcripción é dubidosa.

As partes do texto que aparecen pechadas entre corchetes “[]” correspóndense con partes da transcripción que non se escoitan no audio.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcripción realizada por Xosé C. Villaverde e revisada por el mesmo no ano 2019.

PALABRAS CHAVE

pesca , artes de pesca , palangre , follaco , pesca do bonito , tanguero

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 4 DA CINTA I

P: [*E aparte das liñas antes usabase tamén o palangre*]. Falando do palangre, o palangre que está considerado ¿un aparello ou unha liña?

R: Considerase como un aparello.

P.: Como aparello, como arte.

R: Como arte, como arte. Porque co palangre péscase a muito pescado, pescas o atún, pescas o bonito, pescas... a base de cordel todo ¿non?. O palangre é un conxunto por iso lle chaman palangre, é un conxunto de anzuelos que se largan a unha certa distancia e a unha certa hora vaíse a recoller. Está marcada a recollida del aquela hora, antes de meterse o sol ou a puesta do sol.

P: Deixase no mar. Péscase fóra das illas ¿non ?.

R: Si. Si, nas alturas. Tes a palometa, tes o ollomol, o besugo !vamos! o besugo grande ollomol, e tes toda clase de peixe grande, ou o mesmo crongo, van por riba das pedras, van largando palangre.

P: ¿O palangre déixase quieto?.

R: Si déixase quieto. Lárgase, ten unha medición para recollerlle algún peixe como o... Hai algun peixe que están metido nas liñas das pedras, nos regos das pedras, e con solo tirar o anzuelo cerca do rego para que lle cheire ó mirar a carnada, pois salen do escondite que sempre están metidos alí, cando veñen á mariscar, pois sóltanse eles e veñen a praia, baixan do.... Realmente é un cordel, é un oficio fijo.

P: ¿E un cordel que medidas pode ter un cordel, cantos metros pode ter de largo?

R: De largo ha de ter un metro. O cordel en conxunto ten se acaso, ¿pois, dúas millas?.

P: Dúas millas.

R: Largadas no mar ¿non?, pero a base de cordeles, todos así.

P: E despois cada metro vai saíndo un anzuelo ¿non?

R: Cada metro que marcha vai saíndo un anzuelo. O anzuelo está metido na cesta, e alí o barco vai a unha velocidá e van salido os azuelos do... (cesto). Ás veces que engancha o anzuelo e vai a cesta e todo, pero como xa ten calado outro pois sigue o barco sigue o mesmo non pode parar.

P: E unha vez que esté largado todo o cordel...

R: Para o barco. E o tempo regulamentario que está marcado, ten un certo tempo ¿non? marcado para a recollida, e a recollida empezan a levantar...

P: ¿E que se levanta a pulso?

R: Si a pulso, a palometa e a... eses todos ven a boia(?), e o ollomol ven a pulso.

P: ¿E se ten muito peso?

R: E despois hai que ir a levantalo. Todos ¿non?. E os compañeiros uns van axudando a outros, uns van axudando a outros e...

P: E o peixe que viña enganchado subese arriba ou ?...

R: Xa o recolle outro que esta por detrás, recolle polo cordel o anzuelo e o peixe desengancha e ó cesto ou ó montón que teña destinado.... Hai unhas zonas destinadas a bordo do barco para recoller o peixe e metelo para alí. Antes tiñan un queixón, un queixón grande para recollelo todo, e as veces cando non era demasiado, á cubuerta mesmo. A cubuerta serve porque, case é un peixe do día. Ese é un peixe do día, é coma a pescadilla e todo iso.

P: Si peixe fresquiño do día.

R: Case do día. Solo que hai peixes... cando iban a costa de Portugal...pois van adaptados para botar tres ou catro días. Eu creo que aquí antes...

P: Pero si é peixe do día venden en Portugal mesmo.

R: Non, non.

P ¿Hai non?

R. Levan hiezo e métenno alí... Botaban catro ou cinco días, hasta que tiñan, se acaso, as toneladas que eles consideraban que lle parecían e...

P: Eu teño mirado armar. É unha verdadeira obra de arte o armar nas patelas o palangre, é difícil ¿non?

R: É difícil porque... é como todo o mariñeiro ten o cordel e así como vai empatando... vai dando voltas ao cesto cando... empata, empata o anzuelo, ponlle o isco e vaino enganchando así, vaino enganchando así ao arredor del...

P: O isco que é ¿o engado?

R: O isco é un cable ¿non?.... é a comida. O que chamamos a comida. E vai así o cesto, e hasta que cubra todo o aro do cesto...se acaso

P: O aro do cesto está forrado cunha corda ¿non?

R: Cunha corda. Está forrado cunha corda e os anzuelos van

P: ¿E aí van enganchando os anzuelos?

R: E nesa corda vai enganchando os anzuelos.

P: E logo o que é a corda matriz ou principal, esa vaina enrrollando no fondo da patela ¿non?

R: Esa Vai pegada na patela, a corda, e os anzuelos

P: Os anzuelos vanse derivando cada un...¿Van xuntos?

R: Xuntos, xuntos. Vanse apegando completamente... Esta é a cesta, por aquí leva a corda. Así empeza a enganchar aquí..

P: ¿A corda vai por fóra ou dentro da cesta?

R: A corda vai pola orilla da cesta, na orilla pola parte de fóra.

P: Pola parte de fóra, si.

R: E vai sentando o cordel todo por dentro e engancha aquí na veta, no cabo, vai enganchando así, aquí ¿non?

P: Na veta que está na orilla e despois van todos xuntiños todo ó redor

R: Todo ó redor, hasta encher a cesta e o encher a cesta...

P: E queda dunha forma que unha vez que se large o palangre vanse desenganchando os anzuelos un dos outros?. Por eles solos.

R: Si hai que tirar a cesta ó mar, vai a cesta ó mar. Porque xa están encanadas as cestas, vaise encanando..

P: Si, cada barco ten cuarenta ou cincuenta palangres.

R: E cando empezan a levantar. Empezan a levantar ... ou cordel. O barco queda preso polo cordel... Van os dous palangres, este e un cordel do último palangre e o barco está aquí e empeza o cordel do aparello. E a veces, pois rómpelle o cordel, e ten a metade dos palangres no mar e non queda boia ningunha. Queda una boia, pero claro...

P: Non queda boia no mar.

R: Non queda boia ningunha.

P: Porque todos as cuarenta cestas ou os cuarenta palangres ¿como están unidos ó barco?

R: Polo cabo. Empeza a largar e tira o cabo cunhas pedras para que vaia ó fondo. Xa o palangre de por si..., a cesta vai ó fondo. A cesta non, o palangre, os anzuelos e mais o.... E si se queda a bordo, sacan unha cesta e meten outra. E despois queda o barco preso por este cabo, que é o cabo que... danlle unha certa cantidade de cabo para que o alambre... o alambre ou o palangre chegue ó fondo, e está o barco preso. Estase aguantando, se hai vento, estase aguantando pouquiño a pouco .

P: Co motor.

R: Co motor. Si está calma está todo apagado, mentres o palangre está no fondo. Pero hai veces, que traballan e éntralle vento e pártelle, rómpelle o aparello

P: E quedan sin el entón

R: Pois queda sin él. Moitas veces non poden, co mal tempo non poden rastrear e se poden rastrear, porque marcan, porque os aparellos marcannos, ten un rastreo, cuns rastrillos que teñen... Bueno o aparello está por aquí máis ou menos, a ver se collemos o medio. Para coller o medio do aparello non coller o chicote.

P: E como lle chaman eses pa rastrear, como lle chaman ós ganchos eses para rastrear tiñan un nome ¿non?

R: Tiñan un nombre, tiñan... tiñan un nombre...este de...

P: Que era un alambre parecido a unha pitera, ou un rizon.

R: É un rizon

P: É parecido a un rizón ¿un grampín?.

R: Si era o garampín.

P: Cando se lle botaba, porque eu teño mirado que se lle botaba follaco o...

R: O follaco ese é para o bonito.

P: Para pescar o bonito.

R: Así cando largas as liñas, os anzuelos levan ese follaco que é o que lle chaman a comida. Porque o follaco no mar teñenno que limpiar moi ben. *Disfrípalo* (?) muito que brille completamente o follaco, Teñen que raspalo como esto (*sinala a mesa*). Pensas que non hai rastros, parecen, brilla como o ouro. E claro, no mar cando van arrastando.... cando van coas liñas-varas, pois van facendo gharatuxas e si si ... é comida.

P: E parece que está un peixe vivo

R: Parece que está o peixe vivo, e tírase ó follaco. O follaco ten que ser mui limpio, canto máis branco mellor,

P: Para que chame a atención.

R: Chama máis a atención.

P: Entonces, cando pescan co follaco o barco non pode estar parado, teñen que ir andando.

R: Andando sempre, o bonito pescando.... Hai épocas que chaman o tanguero, ó tanguero engadan.

P: ¿O tanguero que é?

R: O tanguero é parado. Porque muitas veces non come, anda á tona, o que lle chaman a tona no airo, porque muitas veces o bonito lánzase ó peixiño pequeno que aparece no mar muitas veces e comeo os pescados grandes... coma as aves ¿non?. Andan á tona o que lle chaman a tona.

P: E míranse saltar pola superficie.

R: E saltan á superficie e non comen no isco, porque o isco solamentes comen cando o siguen.

P: Si cando vai máis no mar, máis de agua

R: E axita o peixe ¿non?. Si acaso está aquí un monte de peixe e lágase o follaco e non pescan teñen que andar co barco, coas liñas a facerlle movementos a axitalo. Axitalo para que o peixe... Muitas veces cando lle dabas unha cousa, "non quero, non quero" e de tanto insistir que a comemos ¿non?.

P: Entonces cando é a tona abalan un pouco...

R: Entonces hubo unha época aquí, que empezaron a enghadar, a botar iscos ao mar. E ao botarlle iscos ó mar acaparaban ó lado do barco, acaparaban os bonitos, comendo naquel isco que lle daban. Entonces coas liñas, cunhas cañas que levaron, despois levaron unhas cañas, pois pescaban coas cañas, coma se fora no muelle.

P: No muelle, sí, coma se fora á liña.

R: Como se foran as liñas...así. O barco, engadado aquel pescado ¿comprende? E íbanno coller.

P: E costaba muito traballo, porque un bonito inda pesa muito ¿non? Ou hai que torealo antes.

R: Moitas veces si, porque depende. Pero eran dous. Ti axudabasme a min e cando eu enganchaba, e eu axudabache a ti cando... muitas veces.

P: O palangre en que máis se usaba a...

R: O palangre muitas veces, hai outros peixes como o marrajo, ese é de palangre defirme ¿non?. Lágase o palangre, está a espera e cando chega o momento de levantar, teñen que ver si ven o marrajo pescado, como si fora un cazón. Pero son marrajos bastante grandes ¿non?

P: ¿E tiña boa venda o marrajo?

R: Sí, tiña boa venda.